

LEAN ON PETE

[Andrew Haigh, 2017]

380

ESTREA EN NUMAX: 18.05.2018 | V.O.S.E. | +12

Lean on Pete (2017, 121')

Dirección: Andrew Haigh

Guión: Andrew Haigh

Elenco: Charlie Plummer, Travis Fimmel, Steve Buscemi, Chloë Sevigny, Steve Zahn, Thomas Mann, Amy Seimetz

Son: Christian Dolan

Montaxe: Jonathan Alberts

Vestiario: Julie Carnahan

Dirección de arte: Jonny Fenix

Música: James Edward Barker

Fotografía: Magnus Nordenhof Jønck

Produtoras: The Bureau, Film4 (Reino Unido)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Looking: The Movie, 2016 [TV]

45 años, 2015

Looking, 2014 [TV]

Weekend, 2011

Greek Pete, 2009

Five Miles Out, 2009 [curtametraxe]

Oil, 2003 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Mellor actor emerxente),

Les Arcs 2017 (Mellor actor, banda

sonora, fotografía)

SINOPSE

Charley Thomson, un mozo de 15 anos abandonado á súa sorte tras o falecemento de seu pai, embárcase nunha perigosa viaxe en busca da súa tía, da cal non ten novas desde hai tempo. Acompañado polo seu mellor amigo Lean On Pete, un cabalo de carreiras roubado, Charley descubrirá o sentido da vida.

«Hai que estar feito de cemento armado para non conmoverse coa nova película de Andrew Haigh. Fermosísima odisea»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



LEAN ON PETE

[Andrew Haigh, 2017]

380

ESTREA EN NUMAX: 18.05.2018 | V.O.S.E. | +12

Lean on Pete (2017, 121')

Dirección: Andrew Haigh

Guión: Andrew Haigh

Elenco: Charlie Plummer, Travis Fimmel, Steve Buscemi, Chloë Sevigny, Steve Zahn, Thomas Mann, Amy Seimetz

Son: Christian Dolan

Montaxe: Jonathan Alberts

Vestiario: Julie Carnahan

Dirección de arte: Jonny Fenix

Música: James Edward Barker

Fotografía: Magnus Nordenhof Jønck

Produtoras: The Bureau, Film4 (Reino Unido)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Looking: The Movie, 2016 [TV]

45 años, 2015

Looking, 2014 [TV]

Weekend, 2011

Greek Pete, 2009

Five Miles Out, 2009 [curtametraxe]

Oil, 2003 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Mellor actor emerxente),

Les Arcs 2017 (Mellor actor, banda


sonora, fotografía)

SINOPSE

Charley Thomson, un mozo de 15 anos abandonado á súa sorte tras o falecemento de seu pai, embárcase nunha perigosa viaxe en busca da súa tía, da cal non ten novas desde hai tempo. Acompañado polo seu mellor amigo Lean On Pete, un cabalo de carreiras roubado, Charley descubrirá o sentido da vida.

«Hai que estar feito de cemento armado para non conmoverse coa nova película de Andrew Haigh. Fermosísima odisea»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



LEAN ON PETE

[Andrew Haigh, 2017]

“As persoas que se sitúan nas marxes adoitan ser máis interesantes”

Entrevista con Andrew Haigh

Por Elise Nakhnikian

O teu traballo adoita tratar sobre xente que se atopa a si propia a través da relación con outros seres, neste caso Charley encóntrase a si mesmo na relación cun cabalo. Que atopaches nesta historia que che fixo querer rodala? Coido que os meus filmes adoitan tratar sobre xente que se sente moi soa no mundo e procuran desesperadamente un medio para non se sentir dese modo. Se te refires a *Weekend* (2011) ou *45 años* (2015), tratan das relacións, supoño... Pero dun xeito diferente. Todos existimos nun estado de soidade e atopamos maneiras de non nos sentir así aínda que normalmente volvemos ao estado inicial. Os meus filmes tratan sobre que sucede cando as cousas se derrumban, se perdes a túa familia ou non tes diñeiro nin un lugar onde vivir. Para min este filme non trata sobre un mozo e un cabalo, cando menos non no sentido tradicional dos filmes con nenos e cabalos. Trata dunha persoa que precisa desesperadamente agarrarse a algo e ter un amigo, falar, ter alguén por quen preocuparse e que se preocupe por el.

Hai bastantes paralelismos entre o mozo e o cabalo, ambos son corredores, por exemplo. Cando escollemos o cabalo, busquei un que me lembrase a Charley. Finalmente foi un cabalo que se atopaba por tras doutros tres, que non quería

mirar para nós e semellaba un pouco nervioso. Non me gusta facer filmes sobre as persoas que se sitúan á fronte. Coido que as persoas que se sitúan nas marxes adoitan ser máis interesantes.

Hai algo surrealista neste filme que me fixo sentir como se estivese a asistir a un soño que aos poucos torna pesadelo. Coido que se debe a que a Charley ocorrenlle grandes cousas mais el fica nun estado de indefensión ou pasividade, mesmo cando el está ao mando da acción. Atráenme os caracteres pasivos moito máis cós activos. Sucede o mesmo en *45 años*. Kate non é o personaxe activo nesa historia.

Nos teus filmes teño a sensación de que o 95% da nosa vida está fóra do noso control. Eu diría máis ben un 99%.

Mais Hollywood adoita tratar personaxes cun arco dramático, proactivos e donos dos seus actos. O feito de tratar personaxes pasivos dificultouche sacar adiante os proxectos? Coido que si. Cando lin manuais sobre como escribir o guión perfecto cando comezar a facer cinema, sempre sinto que as ideas poden ser boas pero ninguén fala sobre como realmente vivimos as nosa vidas. Supoño que desexo ver iso na pantalla. Recentemente pensaba en *Mi vida es mi vida* (Bob Rafelson, 1970) onde se atopa a que considero mellor actuación de Jack Nicholson, e probablemente se deba a que é a máis pasiva. El semella fluír ao longo do filme, tratando de facer cousas segundo lle van chegando, mais non é un personaxe forte típico.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un profundo sentido da tristeza e perda baña o teu traballo, e unha palabra que adoita agromar nas túas entrevistas é a melancolía, que ademais soe ser fundamental non só do teu cinema, senón doutros autores británicos. Coido que si. Cando falo sobre o que significa para min ser melancólico, nos Estados Unidos pensan que é estar deprimido. Porén, no Reino Unido podes ser melancólico sen estar deprimido, especialmente se es irlandés.

Daquela que significa para ti a melancolía? Unha caste de anguria? Si. É o sentimento de esperanza confrontado cunha realidade que non chega como un tiña agardado. Logo ollas cara a un pasado no que pensabas que todo sería mellor cunha certa nostalxia, mesmo cando sabes que naquel momento tampouco eras completamente feliz. É un sentimento realmente estraño. Un sentimento de tristura que te invade sen chegar a ser depresión.

Hai unha relación moi forte co espazo no filme. Busquei os emprazamentos do libro orixinal. Viaxei moito pola zona os catro meses anteriores á gravación. Escribín o primeiro bosquejo do guión na mesma estrada na que transcorre a historia, nos mesmos mesóns e moteis e coñecín un lote de viandantes e xinetes. A experiencia de vivir nestes espazos foi o que me permitiu dar cos detalles que definen o emprazamento do filme.

Publicado en slantmagazine.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

LEAN ON PETE

[Andrew Haigh, 2017]

“As persoas que se sitúan nas marxes adoitan ser máis interesantes”

Entrevista con Andrew Haigh

Por Elise Nakhnikian

O teu traballo adoita tratar sobre xente que se atopa a si propia a través da relación con outros seres, neste caso Charley encóntrase a si mesmo na relación cun cabalo. Que atopaches nesta historia que che fixo querer rodala? Coido que os meus filmes adoitan tratar sobre xente que se sente moi soa no mundo e procuran desesperadamente un medio para non se sentir dese modo. Se te refires a *Weekend* (2011) ou *45 años* (2015), tratan das relacións, supoño... Pero dun xeito diferente. Todos existimos nun estado de soidade e atopamos maneiras de non nos sentir así aínda que normalmente volvemos ao estado inicial. Os meus filmes tratan sobre que sucede cando as cousas se derrumban, se perdes a túa familia ou non tes diñeiro nin un lugar onde vivir. Para min este filme non trata sobre un mozo e un cabalo, cando menos non no sentido tradicional dos filmes con nenos e cabalos. Trata dunha persoa que precisa desesperadamente agarrarse a algo e ter un amigo, falar, ter alguén por quen preocuparse e que se preocupe por el.

Hai bastantes paralelismos entre o mozo e o cabalo, ambos son corredores, por exemplo. Cando escollemos o cabalo, busquei un que me lembrase a Charley. Finalmente foi un cabalo que se atopaba por tras doutros tres, que non quería

mirar para nós e semellaba un pouco nervioso. Non me gusta facer filmes sobre as persoas que se sitúan á fronte. Coido que as persoas que se sitúan nas marxes adoitan ser máis interesantes.

Hai algo surrealista neste filme que me fixo sentir como se estivese a asistir a un soño que aos poucos torna pesadelo. Coido que se debe a que a Charley ocorrenlle grandes cousas mais el fica nun estado de indefensión ou pasividade, mesmo cando el está ao mando da acción. Atráenme os caracteres pasivos moito máis cós activos. Sucede o mesmo en *45 años*. Kate non é o personaxe activo nesa historia.

Nos teus filmes teño a sensación de que o 95% da nosa vida está fóra do noso control. Eu diría máis ben un 99%.

Mais Hollywood adoita tratar personaxes cun arco dramático, proactivos e donos dos seus actos. O feito de tratar personaxes pasivos dificultouche sacar adiante os proxectos? Coido que si. Cando lin manuais sobre como escribir o guión perfecto cando comezar a facer cinema, sempre sinto que as ideas poden ser boas pero ninguén fala sobre como realmente vivimos as nosa vidas. Supoño que desexo ver iso na pantalla. Recentemente pensaba en *Mi vida es mi vida* (Bob Rafelson, 1970) onde se atopa a que considero mellor actuación de Jack Nicholson, e probablemente se deba a que é a máis pasiva. El semella fluír ao longo do filme, tratando de facer cousas segundo lle van chegando, mais non é un personaxe forte típico.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un profundo sentido da tristeza e perda baña o teu traballo, e unha palabra que adoita agromar nas túas entrevistas é a melancolía, que ademais soe ser fundamental non só do teu cinema, senón doutros autores británicos. Coido que si. Cando falo sobre o que significa para min ser melancólico, nos Estados Unidos pensan que é estar deprimido. Porén, no Reino Unido podes ser melancólico sen estar deprimido, especialmente se es irlandés.

Daquela que significa para ti a melancolía? Unha caste de anguria? Si. É o sentimento de esperanza confrontado cunha realidade que non chega como un tiña agardado. Logo ollas cara a un pasado no que pensabas que todo sería mellor cunha certa nostalxia, mesmo cando sabes que naquel momento tampouco eras completamente feliz. É un sentimento realmente estraño. Un sentimento de tristura que te invade sen chegar a ser depresión.

Hai unha relación moi forte co espazo no filme. Busquei os emprazamentos do libro orixinal. Viaxei moito pola zona os catro meses anteriores á gravación. Escribín o primeiro bosquejo do guión na mesma estrada na que transcorre a historia, nos mesmos mesóns e moteis e coñecín un lote de viandantes e xinetes. A experiencia de vivir nestes espazos foi o que me permitiu dar cos detalles que definen o emprazamento do filme.

Publicado en slantmagazine.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



distribucion.numax.org/leon
UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' *O 400 golpes*
Estrea en cines 27 DE ABRIL

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



distribucion.numax.org/leon
UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' *O 400 golpes*
Estrea en cines 27 DE ABRIL